



# s e l i ñ a



Nº 48

depósito legal VG-465-2016

primeiro semestre 2023

## Escritos e falados sobre Evaristo de Sela (II)

Aproximación a unha bibliografía encol da obra do traductor, helenista e poeta coa reedición dalgúns textos.



## Editorial

Con pasiños curtos pero sempre cara adiante imos editando números deste boletín Seliña. E xa imos polo 48. Información, estudos, biografías, lembranzas, entretimento e todo aquilo que teña que ver coa obra de Evaristo González Fernández "Evaristo de Sela" e tamén, como non podía ser doutro xeito, coa historia, lendas, costumes, curiosidades e noticias da parroquia de procedencia: Santa Mariña de Sela, unha vella aldea vixiada polo norte atentamente polos montes dos Dragos, polo leste polo coto de Facho e polo oeste polo monte de San Martiño testigos do percurso dos tempos.

Neste número voltamos a recoller escritos e falados sobre a vida e a obra do autor a quen vai adicada esta revista así como a Asociación que lle da nome, dando continuidade a aquela iniciativa que comezamos no nº 42 correspondente o primeiro trimestre de 2021. Para esta ocasión imos centrarnos nos discursos que se pronunciaron na homenaxe que, os veciños de Sela xunto co concello de Arbo e a Sociedade Española de Estudios clásicos, levamos a cabo na soleada mañá do domingo 27 de novembro de 2011. Naquel día Sela foi o centro da cultura de Galicia coa asistencia de académicos da Real Academia Galega, catedráticos das Universidades de Vigo e Santiago e destacadas personalidades do mundo das letras galegas que renderon homenaxe a quen foi o traductor da *Iliada*, da *Odisea* e das mellores páxinas da literatura grega. Aquel día o soño de Evaristo de Sela cumpriuse e, por fin, Homero falou na mesma lingua que os seus veciños da aldea.

Aquel acontecemento cultural marcou a divulgación da figura literaria de Evaristo de Sela, pouco coñecida entre os seus conveciños. Moitos deles eran sabedores de que era un home ilustrado pero poucos sabían o alcance e a proxección da súa obra no mundo das letras galegas e no da helenística e cultura gregas. Esa homenaxe serviu tamen para marcar diferencias e catapultar a súa figura no máis alto dos ilustres de Arbo e xustificar esta homenaxe máis que necesaria para vindicar a súa traxectoria vital e cultural. Aínda así, desde o grupo político da oposición no concello de Arbo publicouse no seu boletín divulgativo unha censura contra o daquela alcalde Xavier Simón e o seu equipo de goberno por contribuir economicamente na celebración deste acto.

A homenaxe foi un éxito e así o recolleron os medios de comunicación e tamén a Academia Galega e outras institucións comunitarias vencelladas o mundo das letras que deron información nas súas publicacións deste acto de xustiza popular para un veciño que, ademais de agrandar a cultura de Galicia, levou o nome da súa aldea natal como apelido e vinculou para sempre a parroquia de Sela a súa enorme figura dentro do mundo da tradución e da poesía.

Doce anos despois, desde esta revista, e desde a Asociación que a edita sentímonos orgullosos de haber organizado aquel acto e contribuir, dalgún xeito, aínda máis, a divulgación da figura de tan ilustre humanista e veciño de Sela.

# Asociación Cultural Evaristo de Sela

# Homenaxe a Evaristo de Sela: 27 de novembro de 2011 na casa natal de A Granxa.

**Intervención de  
Manuel Alvarez Groba  
Presidente da A.C. Cultural Evaristo de Sela (1911-1919)  
Presentador do acto**



"A fala que eu falei  
ó mundo de tal xeito  
lle encatou  
que todos o trovar  
trovaban sen querer  
e sen pensar  
Na lingua que do ceo nos baixou,  
Na lingua...

Na fala que el falou e na lingua que escribiu moitas gracias por nos acompañar neste momento. A Asociación Cultural Evaristo de Sela no nome de todos os veciños desta parroquia dámosvos a benvinda.

Hoxe é un día moi importante para a parroquia de Sela e por extensión para todo o concello de Arbo; tal vez a máis importante dos últimos tempos.

Neste domingo 27 de novembro de 2011 escíbese unha páxina máis da historia de Sela.

Reunímonos hoxe aquí veciños, amigos, autoridades, familiares e prestixiosas personalidades do mundo da cultura e da Universidade de Galicia.

Grazas novamente.

Moitas grazas de corazón.

Imos, pois, renderlle unha homenaxe aquí na súa casa natal a Evaristo de Sela, o poeta que levou con orgullo o nome da nosa parroquia como apelido literario. Imos darlle o recoñecemento e a gratitude de todos os seus veciños, de todos os seus amigos, xunto coa afirmación de homes das universais letras galegas que hoxe nos acompañan.

Evaristo de Sela, poeta e helenista, merecedor da máis alta consideración polo seu traballo como tradutor e poeta, distinguímolos nesta homenaxe na súa Sela natal, no seu querido barrio histórico da Granxa. Aquí naceron os preciosos versos e aquí soñou como Homero falaría o galego dos seus veciños .

Vou a ser moi breve.

Creo que sería un erro pola nosa parte extendernos máis e así Evaristo o entendería.

Queremos tamén lembrar aquí neste acto que nos reúne hoxe a todos os seus compañeiros que foron carne de presidio pero tamén foron semente de liberdade. Tamén lembrar a aqueles que con máis fortuna puideron cruzar as bravas augas do océano e, en compañía unecamente das gaivotas, cruzar ata ultramar abandonando a súa querida terra galega. Foron vítimas inocentes dunha longa tiranía.

Para rematar esta introdución vou ceder a palabra a unha das máis distinguidas personalidades das letras galegas que non honran hoxe aquí nesta cálida mañanciña de finais de novembro.. Presento pois, a un home vinculado desde o primeiro momento a esta homenaxe, atreveríame a dicir máis, él foi o impulsor da mesma e a súa ilusión moveunos a esta celebración. Un home que ten todo o noso aprecio, a nosa gratitude o noso cariño. Estou a referirme a Don Xesús Alonso Montero, catedrático emérito da Universidade de Santiago de Compostela, membro numerario da Real Academia Galega, presidente do Foro pola Memoria Republicana de Galicia, escritor, e un feixe de cousas máis.

Cando organizábamos esta homenaxe, nunha das veces que nos reunimos coel nunha cafetería de Vigo, falábanos de que antes de coñecer a Evaristo de Sela, soaballe o nome de Sela dunha estación de tren na liña Vigo Ourense, ó carón do Miño. Pois ben, profesor, hoxe está vostede o lado desa estación.

Benvido, pois a Sela,

